

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



“As voces baixas”

“Un mosaico de momentos que nos aproxima en cada instante ao carácter dos personaxes, dos ambientes e da propia natureza como personaxe, reconciliándonos coas nosas propias vivencias ”

Coñecemos o autor...

Manuel Rivas naceu na rúa Marola, no barrio de Monte Alto, en A Coruña, o 24 de outubro de 1957.

A súa nai, Carmiña, traballou de leiteira e o seu pai, Manuel, durante un tempo emigrado a América, foi músico en orquestras de baile e albanel.

Os seus avós maternos, Manuel e Josefa, eran campesiños de Corpo Santo (Tabeaio, Carral).

O seu avó paterno (Manuel) era carpinteiro, e a súa avoa, Dominga, costureira

Manolo Rivas



Carmiña e Manuel tiveron catro fillos.

CURSO 2020-2021

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



O campo de xogo da súa infancia tiña forma de triángulo no que os vértices eran a cárcere provincial, o cemiterio de San Amaro e a Torre de Hércules.



A familia trasladouse, en 1962, a outro barrio coruñés, Castro de Elviña, un espazo fronterizo no que convivía o mundo campesiño e o obreiro. No lugar, consérvanse as ruínas do antigo poboado celta (O Castro), agora rodeado polos novos edificios da Universidade da Coruña.

En Castro de Elviña pasou Rivas gran parte da infancia e a adolescencia.

Estudou na escola pública de Elviña e no instituto mixto de Monelos. Ao tempo que estudaba bacharelato, comezou a traballar polas noites de *meritorio* no diario “El Ideal Gallego”, na época das linotipias, cando todavía os xornais ulían a chumbo.

Compatibilizou estudos universitarios en Madrid con labores de xornalista. Licenciouse en Ciencias da Información pola Universidade Complutense.

Entre outros traballos, foi un dos fundadores e redactores de *Teima* (1977), o primeiro semanario escrito íntegramente en galego, e do mensual *Man Común*.

Unha crónica publicada en *La Región* de Ourense sobre unha intoxicación alimentaria masiva nun cuartel de provincias, costoulle un proceso por delito de sedición.

“Rodearon a casa dos meus pais con metralletas e a Policía Militar veu determe”.

Aqueles eran uns anos nos que había verbas que non podían aparecer xuntas, como “intoxicación”, “patria” e “exército”.

Foi un dos fundadores da primeira radio libre (municipal) en Galicia, **Radio As Mariñas** – Oleiros, 1980, intervida e clausurada aos 70 minutos de emisión tras orden gubernativa ([historia](#) de Radioleiros).

En 1975, formara parte do colectivo poético e artístico *Loia* ([Loia](#)).

CURSO 2020-2021

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Foi director de *Luzes de Galiza* “revista de cultura, arte y libertades” (1985-1995).

Ademais, foi tamén un dos fundadores de Greenpeace España. En setembro de 1981, era un dos tripulantes do pequeno pesqueiro *Xurelo*, que partira de Anguño (Ribeira) e que a 350 millas de Finisterre se interpuxo aos mercantes que guindaban bidóns con residuos radioactivos na chamada Fosa Atlántica.

Esta expedición foi unha das primeiras accións dunha campaña internacional que conseguiu o peche dos cementerios de residuos nucleares no mar.

No inverno de 2002, a raíz da catástrofe do *Prestige*, actuou como voceiro do movemento cívico e ecolóxico **Nunca Máis**



Pronto faise cun sitio na literatura española a pesar de escribir sempre en lingua galega.

As súas traducións ao castelán manteñen a cadencia e parte da sonoridade desta lingua. A tradición galega impregna cada un dos seus poemas, contos e novela.

Ao longo de toda a súa traxectoria como escritor recibiu varios premios tan importantes como o Premio Nacional de Narrativa en España no ano 1996, o Premio da Crítica Española en 1990 e o Premio da Crítica en Galicia no ano 1994.

Dí **Javier Ríoyo** na Revista Claves (marzo-abril 2020)

“Hace años que Rivas demostró que el gallego, además de ser lengua de pobres e poetas, era también una hermosa lengua para escribir en los periódicos, para contar cuentos, novelas o ensayos. El gallego de Rivas es la lengua de un escritor que propone viajes libres y rebeldes. La lengua de un gallego que no tiene miedo al mar, que se embarca aunque tenga que superar tempestades”



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



(“Hai anos que Rivas demostrou que o galego, ademais de ser lingua de pobres e poetas, era tamén unha fermosa lingua para escribir nos xornais, para contar contos, novelas e ensaios. O galego de Rivas é a lingua dun escritor que propón viaxes libres e rebeldes. A lingua dun galego que non ten medo ao mar, que se embarca aínda que teña que superar tempestades”)

Aquí deixo unha entrevista do periodista e presentador de TVE David Cantero a Manolo Rivas:

[Ver entrevista](#) (vale a pena escoitalos....)

Que rebenten as marabillas do mundo (Culturas. La voz de Galicia, 2012)

Di Manuel Rivas que as voces baixas son as dos humildes, as das persoas do común, as da infancia, as dos vellos, as dos obxectos que parece que falan, as dos paxaros, as das xentes que murmuran, isto é, as voces de quen están afastados da barafunda, da exhibición do poder, do ruído... As vibracións que se producen ao pronunciar as palabras, baixiñas, é o que se transmite aquí convertendo esta proposta nun libro que moumea ao discorrer polas súas páxinas..., por el calquera se conmove e esvara, sen decatarse, por un chan limpísimo: son os ecos desas voces o que se escoita, reverbera de novo o son, ás veces temesiño, en ocasións amplificado con rotundidade: un son vernizado pola emoción e o sentimento.

As voces baixas cicélese con reloxos perpiaños que afortalan conscientemente a construción narrativa e que non sabería priorizar. Un deles é a asunción dunha materia inspiradora concreta que é a que procede da memoria. A recordación, se cadra, é o eixe que equilibra e ordena a proposta: esas “psicoxeografías” rescatadas, de raigames ocultas e de orixes diversas; esa evocación que abrolla sutilmente de xeito desordenado e que se estende en múltiples regueiros, enténdanse digresións, en aparencia caóticos mais que conflúen nun mesmo río no que un se deixa mergullar e levar, dono dunha estudada orografía, desde o seu nacemento até a súa fin. Este exercicio que afonda no pasado é, propiamente, un portulano, unha cartografía de xentes que son as do autor, que constitúen a contorna familiar desde que un ten consciencia de ser ou de lembrar: un círculo gravado a lume pola presenza do pai, da nai, da irmá María, dos temores e as esperanzas, das descubertas e dos fracasos..., constituído por espazos transparentes, onde Castro de Elviña e A Coruña son, inequivocamente, grandes protagonistas.

Outro perpiaño sería a tonalidade lírica que Rivas imprime a esta peza e na que se instala, inamovible, desde a primeira liña. Se un dos seus trazos como creador é o dominio da linguaxe metafórica, aqulilatándoa coa brevidade e o esencialismo, nesta ocasión non atopo outra expresión

CURSO 2020-2021

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



para caracterizar esta proposta que non sexa a da sublimación destes recursos, dotando así os fragmentos dunha forza irreprimible e perdurable, sen deixar de lado a vontade de comunicar dun xeito directo, conciso e transparente.

É difícil non considerar *As voces baixas* como un libro conmovedor. Cadaquén ha buscar, estou certo, epifanías máis ou menos coincidentes co que se viviu ou experimentou; particularmente atopei algunhas que van desde a descuberta dun exemplar de *Longa noite de pedra*, pasando polas clases de mecanografía de quen logo sería meritorio nun xornal ata a lectura d' *O derradeiro mohicano* nunha edición de Bruguera. Será difícil non atopar ningunha. Con este libro, ademais, desvélese talvez o Rivas máis íntimo, aquel máis abeirado a ese ámbito que é o privativo mais proxectado para a colectividade; sen dúbida descóbreuse nel moitas claves que explican porque autor coruñés escribe como escribe e, mesmo, até niso é un libro reconfortante. Nel óese a boca da literatura, nel rebentan –é ben certo– as marabillas do mundo.

Fonte: <https://cadernodacritica.wordpress.com/2012/10/28/as-voces-baixas-de-manuel-rivas>

As voces baixas: o corpo aberto de Rivas por Manuel Gago (Capítulo Cero, 2012)

A corpo aberto



Algúns escritores acompañante ao longo de boa parte da túa vida como lector. No meu caso, Rivas leva facendo iso desde, se cadra, primeiro ou segundo de carreira, cando descubrín primeiro os

CURSO 2020-2021

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPO B



seus textos xornalísticos e vin que as grandes crónicas do xornalismo americano tiñan un equivalente, con identidade propia e a unha altura similar ou superior, neste cornecho de Europa.

Despois engancheime -eu creo que en terceiro-, como todo o mundo, a *Que me queres amor?* Ese libro de relatos e a súa antoloxía poética *O pobo da noite* remexéronme por dentro desde ben próximo. Eran textos para corpos abertos, ese concepto ao que el recorre con frecuencia. E era a literatura galega que eu quería atopar. Algo me aproximaba a Rivas como a un vento de aire fresco, un vento cheo de cheiro salgado de mar, de verde de piñeiro, de cidades pequenas que se mergullan no rural e viceversa, e nas que ese urbanismo hinterland crea unha cultura de seu. Literatura contemporánea que non nos obrigaba a renunciar á nosa identidade híbrida.

Desde aquela, léolle todo, con independencia do soporte. Ségueme gustando moito, aínda que, como é lóxico, haxa textos e xéneros que me entusiasmen máis que outros: boto de menos a súa brillante faciana xornalística, por exemplo, e os textos nos que a condición humana se retrataba a partir de xestos luminosos e alegres que convertían a personaxes humildes en versos dun poema que convertía en épica a cotidianidade. Con todo, a vida dos escritores, como a nosa, merece cambio e evolución.

Por iso cando estes días, lía *As voces baixas* (Xerais, 2012) de Manuel Rivas, o seu último libro, os textos leváronme de volta a un territorio que na literatura había moito que non experimentara. O da inmersión no texto, o de sentirme da man do escritor polos pasos que levan de Monte Alto ata Elviña; o de saber que nas historias de Rivas, as da formación da conciencia individual, hai un mundo de experiencias compartidas. O escritor fusionándose co lector na aventura da infancia, dos primeiros recordos, da ausencia, da soedade, dos cans bourando pola noite e da observación algo incomprendible do comportamento dos adultos.

En cada unha das palabras desas frases telegráficas coas que Rivas cada vez estrutura máis as súas narracións, nunha sorte de minimalismo haiku que converte moitos parágrafos en brillantes exercicios de esencialidade, hai un pouso desa verdade que pertence a cada un de Nós. A totalidade, ás veces, está prendida entre dez ou quince palabras, nese estilo tan de Rivas de, a partir das palabras máis sinxelas do mundo, transmitir conceptos e sentimentos que van alén das palabras. Poño por caso, para entendérmonos, a mítica pasaxe da pedra final da *Lingua das bolboretas* (no texto orixinal do autor do artigo periódico pon *O Lápiz do Carpinteiro, un erro memorístico porque todos recordamos a imaxe do film de José Luis Cuerda*). Podemos describir e interpretar como queiramos o xesto do neno pequeno, pero o único xeito de explicalo e transmitilo con toda esa intensidade é contando esa historia e non tentando, torpemente, interpretala.

En *As Voces baixas* esa percepción ocorre todo o tempo.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Non sei moi ben que é *As voces baixas*. É un libro de memorias? Evidentemente, velaí están os recordos do autor, na súa evolución de neno ata entrar na Universidade.

O proceso de avance do texto é especialmente curioso, ao revés do que un podería pensar. É estremadamente minucioso e ambientalista nos primeiros anos, nos que os pequenos detalles transmiten toda unha cosmovisión dunha sociedade de labregos, obreiros e lavandeiras. Pero conforme Rivas entra no instituto e na universidade, a memoria e o relato vaise facendo máis fragmentario, máis cheo de anécdotas e historias independentes, guiadas polo desmoronamento do franquismo e o xurdimento das correntes políticas. O camiño do seu texto é tamén o camiño da evolución, desde un pequeno mundo privado da infancia, ata o mundo do público, no que Rivas se vai conformando coma o xornalista -maxistral o relato da súa experiencia en *El Ideal Gallego*– e o escritor que será, ata o dramático e magnífico final. Non vos quero tan mal como para contarvos ese final, pero aínda estou conmovido con el.

Sen embargo, creo que *As voces baixas* trascende a memorística; se ben a material vital debe conformar boa parte do texto, o libro vai máis alá. É un retrato de como as persoas conformamos a nosa conciencia, a nosa identidade persoal e familiar. É un texto emocionante, conmovedor, vivo e espido.

É a literatura galega que eu quero.

Fonte: <http://www.manuelgago.org/blog/2012/10/26/as-voces-baixas-o-corpo-aberto-de-rivas/>

OBRAS




CURSO 2020-2021

SEGUE...



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro” de Sta. Cruz
Centro Cultural “As Torres”
Rúa Emilia Pardo Bazán, 17
Sta. Cruz - 15179 Liáns (Oleiros)
Tlf. 981626338
Blog : bibliotecasoleiros.blogspot.com
E mail : biblioteca.santacruz@oleiros.org



CURSO 2020-2021

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPO B



“As voces baixas” : a novela da vida..... de Manuel Rivas

O título do libro explica o mesmo autor no libro, procede dunha frase da peza teatral *Esperando a Godot*, na que dous personaxes escoitan, “As voces baixas dos mortos. O seu son é coma de ás. Como a area. Como de follas. Murmuran. Murmuran “

“Nunca se remata un libro. Sempre está alí, esperando a que alguén o faga de novo, despois dunha nova lectura. ” (Richard Bach)



Portada da novela na edición galega



Parte da portada da novela na edición en castelán

CURSO 2020-2021

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPO B



“As voces baixas é a novela da vida”. Así define Manuel Rivas a súa novela, “As voces baixas” (Xerais, 2012), unha obra íntima, delicada e singular, na que o autor arrastra lembranzas da súa infancia e adolescencia, que seguen uns a outros a mercé do suave vento da memoria.

É unha novela que se pode considerar unha obra autobiográfica que abrangue unha determinada parte da súa vida e onde todo pode ser certo ou non tanto, e na que o neno Rivas descobre, cunha mestura de medo, abraio e maravilla, o extraordinario da xente do común, mentres que o adulto Rivas mostra o inmenso amor que sente pola súa familia e o seu profundo respecto pola literatura.

É un libro no que se entrelazan a memoria persoal e colectiva, unha autobiografía feita a través das historias da “xente extraordinaria” da súa Galicia natal.

Desde o primeiro medo, o causado por uns cabezudos que resultan ser figuras dos Reis Católicos, Manuel Rivas “cativo” asiste ao descubrimento da vida por mor da extraordinaria existencia de xente común.

O barrio de Monte Alto, a aldea urbana de Castro de Elviña, coa luz do faro de Breogán, a prisión provincial, o cemiterio de San Amaro, a cidade celta, o lugar de Corpo Santo, o Monte Xalo onde as rapazas pastoras pisan o sol, a escaleira nocturna onde os nenos clandestinos escoitan os murmuros da imaxinación...

Unha auténtica xeografía para un pobo marabilloso: as “voces baixas” que non queren dominar e que se alimentan de historias.

Os vintedous capítulos nos que o autor distribuíu a novela pódense ler como vintedous relatos independentes pero nos que Rivas consegue manter un fío condutor coa presenza da familia Rivas Barrós, as experiencias, as vivencias cotiás narradas desde unha prosa cargada de imaxes poéticas, non debemos esquecer que Rivas é un magnífico poeta.

Nun deses pasaxes, Rivas lembra...

“Hai una conversa que nunca esqueceré. Unha “propiedade inmaterial”, do departamento de gravacións non autorizadas da infancia. Unha desas veces en que, no libro da vida, se dá a coñecer de xeito espontáneo a boca da literatura. Vivíamos xa en Castro de Elviña. Aquel inverno entrou a nado en Galicia. Fero, fusco e frío. Unha infinda balloada. Días sen traballo, co vento ouveando polos ocos das obras. Meu pai leva uns días inqueda, acurrulado, o bafo na fiestra que enmarca a décima lexión dos nubesiros.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPO B



De súpeto, esotupa:

— *Quen me dera unha semana no cárcere!*

Miña nai está a calcetar. Vai vir un ser novo. Está en camiño. Leva días, semanas, que ela calceta pezas de roupa moi pequenas, a medida que o seu ventre agranda.

— *E a min sete días no hospital!*

María e mais eu estamos a facer os deberes na mesa da cociña. Mirámonos. O cárcere?? O hospital?? O futuro promete. Eles teñen un código de comunicación que aínda non entendemos de todo. Parece que foi unha resposta convincente, a de miña nai. Sorrín. Medio sorrín. Traman un rumor. O urdido dun murmurio. Calan. Son vangarda existencialista.”



Que vos parece? de que estarían a falar....

É un texto “coral” desfilan polas páxinas do libro un montón de personaxes, algúns con entidade suficiente como para dar historia para outras novelas.

Presenta unha imaxe evocadora das paisaxes da cidade pero sobre todo dese frío e desa chuvia constante que cae mansamente, cando non son as terribles borrascas con oleadas de vento e mares de auga que entran desde o océano pola bocana da ría.

O humor e a dor están presentes ao longo de toda a obra.

Reflexa as persoas esforzadas na loita cotiá pola vida esas que adoitan falar sen se deixar notar. Un bo exemplo é a súa nai, que falaba soa ou con voz queda, e o avó Manuel de Sigrás.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPO B



A Cubela _ A Gaiteira-
marzo 1996- Puente sobre el
río Monelos-Foto Blanco-
publicado en “La Coruña
inolvidable”

A Coruña: Lavadeiro no río Monelos ano 1920.



Estamos nos anos 60 ata 1975, nunha España franquista ata a morte do ditador, cando comeza a etapa da Transición. Nestes anos a liberdade de expresión, ser homosexual, ser anarquista ou comunista supuña moitas veces o cárcere.

As tradicións e as romerías formaban parte da diversión da xente, compartías cos veciños e coa familia: festas do pobo ou do barrio, cabezudos, o san Martiño e a matanza do porco... Atopamos un certo sentimento nostálgico polos costumes e a vida tradicionais, personaxes ou oficios que foron desaparecendo co tempo: leiteiras, lavadeiras, pescantinas...

As novas chegaban a través das ondas da radio ata o invento da televisión....

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Castro de Elviña





IES Monelos

Ano 1966

Hai 55 anos, o 13 de outubro de 1.966, abría as súas portas co nome de Sección Delegada do Instituto de Monelos. Foi nomeado director o sacerdote D. José Luis Blanco Manciñeira, e entre os profesores atopábanse a poeta Luz Pozo Garza (recentemente falecida) e o seu home Francisco Vázquez Ramudo.

Fontes:

[Pontevedraviva](#)

[ProgramalaesferaBlog](#)

[ClubdelecturadasbibliotecasdaCoruña](#)

Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro” de Sta. Cruz

Centro Cultural “As Torres”

Rúa Emilia Pardo Bazán, 17

Sta. Cruz - 15179 Liáns (Oleiros)

Tlf. 981626338

Blog : bibliotecasoleiros.blogspot.com

E mail : biblioteca.santacruz@oleiros.org



CURSO 2020-2021